

O Antigo Réxime e o século XVIII en Europa

Nome e apelidos:

Curso: Data:

A EUROPA DO ANTIGO RÉXIME: CARACTERÍSTICAS POLÍTICAS

Denomínase **Antigo Réxime** ao sistema político, económico e social característico de Europa entre os séculos XV e XVIII.

O panorama internacional

Caracterízase polos enfrontamentos entre estados para conseguir a hexemonía.

A **hexemonía europea** correspondeu ata mediados do século XVII á Monarquía Hispánica da casa de Austria pero, derrotada esta, a hexemonía europea pasou a Francia no reinado de Luís XIV.

A hexemonía **colonial** exercérona durante o século XVI Portugal e España, ata que no XVII ambos países perderon a súa hexe-

monía a favor das Provincias Unidas, Inglaterra e Francia.

Os sistemas políticos

O sistema maioritario foi a monarquía **absoluta**, que consideraba que o poder do rei proviña de Deus. Caracterízase pola concentración no monarca dos poderes lexislativo, executivo e xudicial e o seu control sobre a economía, a facenda e o exército.

Os **sistemas políticos non absolutistas** foron escasos, destacando a república das Provincias Unidas, e Gran Bretaña, onde se implantou unha monarquía parlamentaria.

1 Emparella os seguintes termos e conceptos, coas definicións que se indican:

- MONARQUÍA ABSOLUTA
- MONARQUÍA PARLAMENTARIA
- ANTIGUO RÉXIME
- HEXEMONÍA
- CASA DE AUSTRIA

a) Sistema de goberno no que o poder do rei está limitado polo Parlamento.

b) Sistema de goberno no que o soberano concentra todo o poder.

c) Sistema político, económico e social vixente en Europa entre os séculos XV e XVIII.

d) Predominio ou supremacía que un Estado exerce sobre outros.

e) Dinastía real dos Habsburgo que gobernou no Sacro Imperio Romano Xermánico, en España e en Austria ao longo de varios séculos.

Nome e apelidos:

2 Subliña cales das características seguintes son propias da Europa do Antigo Réxime.

- a) A forma máis estendida de goberno foi a monarquía absoluta.
- b) Foi un período de notable igualdade entre os diversos grupos sociais.
- c) A hexemonía europea pasou a mediados do XVII de España a Francia.
- d) Houbo frecuentes enfrontamentos bélicos entre os diversos Estados.
- e) Francia exerceu a hexemonía mundial durante todo o Antigo Réxime.
- f) Os sistemas parlamentarios foron propios das Provincias Unidas e Gran Bretaña.
- g) O sistema político máis estendido foi o Réxime parlamentario.
- h) Os reis absolutos consideraban que o seu poder procedía de Deus.

3 Recapitula o aprendido e escribe as características do Antigo Réxime no seguinte cadro.

HEXEMONÍA EUROPEA	HEXEMONÍA COLONIAL	MONARQUÍA ABSOLUTA	SISTEMAS NON ABSOLUTISTAS

O Antigo Réxime e o século XVIII en Europa

Nome e apelidos:

Curso: Data:

A EUROPA DO ANTIGO RÉXIME: CARACTERÍSTICAS ECONÓMICAS E SOCIAIS

A economía baseábase na agricultura, aínda que os descubrimentos xeográficos realizados en África, América e Asia estimularon o desenvolvemento da artesanía e do comercio.

As **actividades agrarias** centrábanse principalmente no cultivo de cereais, realizado con técnicas rudimentarias nos señores dos reis, nobres e eclesiásticos.

As **actividades artesanais** realizábanse manualmente en talleres urbanos controlados polos gremios. No século XVII xurdiron novas formas de produción:

- o **traballo a domicilio**, realizado no fogar por campesiños que recibían as materias primas dun empresario, quen logo comercializaba o producido.

- as **manufacturas**, que concentraban nun gran taller a numerosos artesáns que traballaban a soldo.

O **comercio** víase limitado polas deficiencias do transporte.

- o **comercio interior** realizábase en mercados urbanos semanais ou en feiras anuais.

- o **comercio internacional** experimentou un grande auxe grazas aos descubrimentos xeográficos, que favoreceron o capitalismo comercial, a circulación de moeda, os bancos e as bolsas.

A **política económica** realizada polas monarquías absolutas do século XVII foi o **mercantilismo**, que consideraba que a riqueza residía en posuír metais preciosos. Por iso, o Estado debía fomentar o comercio, impulsar as exportacións e limitar as importacións.

1 Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F) e escribe correctamente as falsas.

- a) As principais actividades económicas foron as industriais ☐
- b) A base económica da economía era a agricultura e a gandería ☐
- c) Os descubrimentos xeográficos de novos territorios contribuíron ao auxe do comercio ☐
- d) O mercantilismo trataba de estimular as importacións de manufacturas ☐
- e) O traballo a domicilio e as manufacturas contribuíron á crise da industria artesanal ☐
- f) O traballo a domicilio consistía en que o traballador ía traballar á casa do mestre do gremio ☐
- g) A política económica era o mercantilismo, que trataba de acumular metais preciosos ☐
- h) A agricultura practicábase con técnicas rudimentarias e obtiña baixos rendementos ☐
- i) As manufacturas eran pequenos talleres artesanais ☐

Nome e apelidos:

2 Subliña a opción correcta ás seguintes cuestións sobre o Antigo Réxime.

- a) Cal era a actividade económica fundamental?
– Agricultura – Industria – Comercio
- b) Que entidade controlaba as actividades artesanais?
– Monarquía – Igrexa – Gremios
- c) O mercantilismo cría que a riqueza estaba en
– Agricultura – Ouro e prata – Metalurxia

A sociedade do Antigo Réxime

Era unha **sociedade estamental**, caracterizada pola desigualdade entre os grupos privilexiados e os non privilexiados.

Os **estamentos privilexiados** eran a **nobreza** e o **clero**, que gozaban de privilexios como ocupar certos cargos, non pagar impostos, ou o dereito a ser xulgados polas súas propias leis e tribunais.


O **estamento non privilexiado** ou terceiro estado agrupaba a máis do 90% da poboación e carecía de privilexios. Era un **grupo heteroxéneo** que incluía ao campesiñado e aos diversos grupos urbanos: a alta burguesía dos negocios, a burguesía media formada por mestres dos gremios e pequenos comerciantes, e os grupos populares de asalariados, criados e pobres.

3 Escribe as seguintes características no recadro do estamento que lle corresponda.

- a) Carecía de privilexios similares aos de nobres e clérigos.
- b) Ocupaba altos cargos políticos e militares.
- c) Non pagaba impostos.
- d) Comprendía á maior parte da sociedade.
- e) Tiña unha grande influencia relixiosa.
- f) Debían ser xulgados polas súas propias leis e tribunais.
- g) Era heteroxéneo, pois integraba a diversos grupos sociais.

NOBREZA	CLERO	TERCEIRO ESTADO

4 Recapitula o aprendido e completa o seguinte esquema.



O Antigo Réxime e o século XVIII en Europa

Nome e apelidos:

Curso: Data:

AS TRANSFORMACIÓNS IDEOLÓXICAS E POLÍTICAS DO SÉCULO XVIII

As transformacións ideolóxicas

No século XVIII xurdiu en Francia un movemento intelectual e ideolóxico denominado **Ilustración**, cuxas ideas principais foron as seguintes:

- **Confianza na razón** ou intelixencia humana para alcanzar o progreso e iluminar a escuridade da ignorancia. Por iso, ao século XVIII chámasele tamén o Século da Razón ou das Luces.
- **Fe no progreso humano**, entendido como a mellora das condicións de vida grazas aos avances da ciencia.
- **As críticas ao Antigo Réxime**, ao absolutismo e á sociedade estamental, e a

defensa do sistema parlamentario, no que o poder do rei estaba limitado polo Parlamento e existía división de poderes.

Os **teóricos ilustrados máis influentes** foron Voltaire, Montesquieu e Rousseau.

- **Voltaire** foi partidario dunha monarquía limitada que respectase as liberdades.
- **Montesquieu** sostivo a necesidade de separar os tres poderes do Estado: lexislativo, executivo e xudicial.
- **Rousseau** afirmou que a soberanía ou poder supremo reside na nación ou conxunto dos cidadáns, quen delegan o seu poder nos gobernantes.

1 Marca cun X as casas que correspondan a características da Ilustración.

Política económica seguida polas monarquías do XVII	
Movemento intelectual característico do século XVIII	
Tiña unha gran confianza na razón	
Buscaba o coñecemento a través da intuición	
Trataba de fomentar o progreso da sociedade	
Criticaba o absolutismo e a sociedade estamental	
Era partidario do sistema parlamentario	
Valoraba escasamente o papel da educación e da cultura	

2 Escribe no recadro que corresponda cada un dos poderes do Estado.

Elabora as leis	Aplica as leis	Xulga aos que violan as leis

3 Escribe o nome dos ilustrados que defenden cada un dos seguintes principios políticos.

- a) Separación dos poderes executivo, lexislativo e xudicial.
- b) Monarquía limitada que respectase as liberdades.
- c) A soberanía descansa no conxunto dos cidadáns.

Nome e apelidos:

As transformacións políticas

O **panorama internacional** caracterízase polo equilibrio continental e a loita pola hexemonía colonial.

- O **equilibrio continental** estableceuse nas paces de Utrecht e Rastatt, que puxeron fin á guerra de sucesión á coroa española (1700-1714). Segundo este principio, as potencias europeas debían manter niveladas as súas forzas para evitar que ningunha impuxese a súa hexemonía ás demais.

- Na **loita pola hexemonía colonial, Gran Bretaña** converteuse na maior potencia colonial e comercial do mundo.

No **sistema de goberno**, algúns reis intentaron conciliar o absolutismo coa Ilustración. Xurdiu así o **Despotismo Ilustrado**, forma de goberno baseada no principio de «*todo para o pobo, pero sen o pobo*». Nela o monarca seguiu concentrando todos os poderes, pero considerouse o primeiro servidor do Estado, e de aí que emprendese reformas como a centralización da administración a modernización da economía, ou o fomento da instrución pública e das ciencias.

Representantes deste sistema foron Luís XV en Francia, Carlos III en España, José I en Portugal, Catarina II en Rusia, José II en Austria e Federico II en Prusia.

4 Subliña a resposta correcta que corresponde ás seguintes frases.

- | | |
|--|---|
| a) A política europea caracterizouse por... | <ul style="list-style-type: none"> – Hexemonía de Luís XIV – Hexemonía de España – Equilibrio internacional |
| b) A hexemonía colonial estivo en mans de.... | <ul style="list-style-type: none"> – Francia – Inglaterra – España |
| c) A diferenza entre o Despotismo Ilustrado e a monarquía absoluta consistiu en que no primeiro, os reis... | <ul style="list-style-type: none"> – Exerceron todo o poder – Promoveron reformas para modernizar as súas nacións – Non crían na democracia |
| d) O lema do Despotismo Ilustrado «Todo para o pobo, pero sen o pobo» significa que neste sistema de goberno, os monarcas... | <ul style="list-style-type: none"> – Tiveron en conta ao pobo – Consideraron inferiores ao pobo – Trataron de mellorar as condicións de vida do pobo pero sen ter en conta a súa opinión |

5 Recapitula o aprendido e responde as seguintes cuestións.

- a) Por que o século XVIII se denominaba o Século da Razón?
- b) Cales eran para os ilustrados os medios para lograr o progreso humano?
- c) Que opinaban os ilustrados do Antigo Réxime? Que sistema defendían?
- d) Quen foron os principais pensadores ilustrados?
- e) Cal foi a característica principal das relacións internacionais en Europa?
- f) Cal foi a forma de goberno típica do século XVIII?

O Antigo Réxime e o século XVIII en Europa

Nome e apelidos:

Curso: Data:

AS TRANSFORMACIÓNS ECONÓMICAS E SOCIAIS DO SÉCULO XVIII

Os cambios nas actividades económicas

No século XVIII, o desenvolvemento do comercio e do capitalismo comercial deixaron desfasado o sistema económico baseado na terra.

A agricultura progresou grazas á difusión de novos cultivos, como o millo e a pataca, e á mellora dos sistemas de cultivo, como a substitución do barbeito pola rotación continua de cultivos.

A industria incrementou a produción polo aumento da demanda e pola creación de manufacturas estatais.

O comercio interior beneficiouse da mellora dos camiños, da construción de canais e do aumento da produción. O

comercio colonial viuse favorecido pola creación de extensos imperios coloniais en América e Asia por parte das potencias europeas.

As novas políticas económicas

O mercantilismo foi substituído por novas políticas económicas:

- **a fisiocracia**, defendida por Quesnay, que afirmaba que a principal fonte de riqueza era a terra.

- **o liberalismo económico**, propugnado por Adam Smith, que afirmou que a principal fonte de riqueza é o traballo e que o Estado non debía intervir na economía, xa que esta se regula polo mercado, que fixa os prezos en función da oferta e da demanda.

1 Escribe as seguintes novidades acontecidas durante o século XVIII no recadro que corresponde.

- Desenvolvemento do comercio colonial
- Rotación continua de cultivos
- Difusión do millo e da pataca
- Melloras dos transportes
- Creación de manufacturas estatais
- Incremento da produción industrial

AGRICULTURA	INDUSTRIA	COMERCIO

2 Completa o seguinte cadro sobre as políticas económicas do século XVIII.

	FISIOCRACIA	LIBERALISMO ECONÓMICO
Representante		
Orixe da riqueza		

Nome e apelidos:

As transformacións sociais

No século XVIII producíronse transformacións sociais e os ilustrados cuestionaron a sociedade do Antigo Réxime.

- As **transformacións sociais** principais foron as seguintes: a nobreza perdeu a súa antiga función militar, que pasou a ser desempeñada por exércitos profesionais; e a burguesía enriqueceuse cos seus nego-

cios, reclamando un maior papel social e político.

- Os **ilustrados criticaron a sociedade estamental**, cuestionando a nobreza por gozar de privilexios sen desempeñar ningunha función útil, e criticando ao clero por posuír unha gran riqueza. Pola contra, defenderon unha nova sociedade baseada na utilidade social e na valía persoal, apoiando as demandas da burguesía.

3 Subliña as frases que se correspondan cos cambios sociais do século XVIII.

- a) Os ilustrados criticaron a sociedade estamental do Antigo Réxime.
- b) A nobreza perdeu a súa tradicional función militar.
- c) A nobreza aumentou a súa influencia política e social.
- d) A burguesía demandou maior influencia social e política.
- e) A Ilustración criticou ao clero pola súa excesiva riqueza.
- f) A burguesía retrocedeu na súa influencia social e política.
- g) Os ilustrados defenderon unha nova sociedade baseada na utilidade social.
- h) Configurouse unha sociedade estamental cada vez máis rixida.

4 Recapitula o aprendido e indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F) e escribe correctamente as falsas.

- a) A nobreza adquiriu un crecente poder ao longo do século XVIII ☐
- b) A fisiocracia contribuíu ao progreso da agricultura..... ☐
- c) O liberalismo económico sostíña que a riqueza estaba no traballo ☐
- d) O comercio experimentou un forte retroceso durante o século XVIII ☐
- e) Os gremios entraron en decadencia polo avance do liberalismo económico..... ☐
- f) Os grupos burgueses perderon influencia social ☐
- g) A creación de imperios coloniais estimulou o desenvolvemento do comercio..... ☐
- h) O enriquecemento da burguesía levou a incrementar a súa influencia política e social ☐
- i) O liberalismo económico era partidario da intervención do Estado ☐
- j) A sociedade estamental comezou a agretarse ante as críticas ilustradas ☐

O Antigo Réxime e o século XVIII en Europa

Nome e apelidos:

Curso: Data:

AS NOVAS CORRENTES CULTURAIS E ARTÍSTICAS DO SÉCULO XVIII

As transformacións culturais

As principais foron o fomento polos ilustrados da educación pública e a creación de centros de ensinanza, e o impulso dado ás denominadas ciencias «útiles», como a medicina, as ciencias naturais, as matemáticas, a química e a astronomía.

A arte

Na primeira **metade do século XVIII** xurdiu o **estilo rococó**, refinado e cortesán, que se centrou nunha recargada decoración de interiores.

Na segunda **metade do século**, como reacción ao exceso decorativo, xurdiu o **estilo neoclásico**, que imitou aos modelos clásicos de Grecia e Roma. A **arqui-**

tectura recuperou as ordes e proporcións clásicas, destacando construcións como a igrexa de Santa Xenoveva e o Arco da Estrela en Francia, o Museo Británico en Inglaterra e a porta de Brandenburg en Alemaña.

A **escultura** buscou a beleza ideal e a serenidade, destacando o italiano Antonio Canova.

A **pintura** déulle grande importancia ao debuxo e aos temas mitolóxicos e históricos, destacando Louis David con obras como *O xuramento dos Horacios*.

Os Estados crearon **Academias de Belas Artes**, que rexeitaron os excesos do barroco e do rococó, e someteron a arte a ríxidas normas.

1 Completa as seguintes frases.

- a) Os ilustrados grande atención
- b) A Ilustración especialmente as denominadas
- c) Na primeira metade do século XVIII predominou o estilo, centrado na de interiores.
- d) Durante a metade do século XVIII deuse o estilo, como reacción ao exceso decorativo.
- e) A arquitectura neoclásica os modelos clásicos de
- f) Obras destacadas da arquitectura neoclásica foron o e o
- g) A escultura neoclásica representou a e a serenidade, destacando
- h) A pintura neoclásica deulle grande importancia ao, destacando
- i) Os Estados crearon de Belas Artes sometendo a arte a ríxidas

Nome e apelidos:

- 2** Observa as seguintes imaxes, identifica a que estilo corresponde cada un e xustifica a túa resposta.



.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

- 3** Observa a seguinte obra e responde ás seguintes cuestións.

- Que representa a obra?
- Quen é o autor?
- Recórdache ás esculturas grecolatinas? Por que?
- A que estilo artístico corresponde?



- 4** Observa a seguinte pintura e responde ás seguintes cuestións.

- Que representa?
- Como é a composición? É equilibrada?
- Está o debuxo moi marcado?
- A que estilo corresponde?




O Antigo Réxime e o século XVIII en Europa

Nome e apelidos:

Curso: Data:

ESQUEMA DA UNIDADE



O Antigo Réxime e o século XVIII en Europa

Nome e apelidos:

Curso: Data:

ACTIVIDADES DE AUTOAVALIACIÓN

1 Forma parella cos seguintes conceptos e definicións.

- ILUSTRACIÓN – DESPOTISMO ILUSTRADO – LIBERALISMO ECONÓMICO
- ANTIGO RÉXIME – MONARQUÍA ABSOLUTA – FISIOCRACIA

- a) Sistema político, social e económico de Europa entre os séculos XV e XVIII: _____
- b) Movemento ideolóxico e cultural do século XVIII caracterizado pola súa fe na Razón e no progreso: _____
- c) Doutrina económica que consideraba que a riqueza se encontra no aproveitamento da terra: _____
- d) Forma de goberno característica do século XVIII que pretendía centralizar a administración e mellorar as condicións de vida dos súbditos: _____
- e) Sistema de goberno no que o rei concentra todos os poderes: _____
- f) Doutrina económica que defende a non intervención do Estado na economía: _____

2 Recorda os nomes de tres ilustrados franceses.**3** Sinala se as seguintes frases son verdadeiras (V) ou falsas (F).

- a) Os gremios artesanais fortaleceron o seu control sobre a produción industrial ☐
- b) O século XVIII é coñecido como o Século das Luces ☐
- c) A sociedade do Antigo Réxime era moi igualitaria ☐
- d) A Ilustración trataba de lograr o progreso humano por medio da cultura ☐
- e) A base económica principal do Antigo Réxime era a industria ☐
- f) Rousseau rexeitaba o absolutismo e defendía a soberanía nacional ☐
- g) Montesquieu era partidario de separar os poderes lexislativo, executivo e xudicial ☐
- h) España converteuse na principal potencia colonial do século XVIII ☐
- i) O estilo neoclásico inspírase nos modelos grecolatinos ☐
- j) Na sociedade estamental existían fortes desigualdades xurídicas ☐